

I. Disposiciones xerais

MINISTERIO DE TRABALLO E ASUNTOS SOCIAIS

6606

ORDETAS/763/2007, do 23 de marzo, pola que se modifica a Orde do 22 de febreiro de 1996, para a aplicación e o desenvolvemento do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto. («BOE» 76, do 29-3-2007.)

A Orde do 22 de febreiro de 1996, pola que se aplica e se desenvolve o Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto, outórgalles a condición de colaboradores no pagamento das prestacións da Seguridade Social, en desenvolvemento do previsto no artigo 15 do citado regulamento, ás entidades financeiras e ás súas agrupacións ou asociacións, aos graduados sociais e aos administradores de residencias de pensionistas respecto dos titulares que ocupen praza nelas, permitindo tamén a elección doutros posibles colaboradores coa autorización da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, cando existan razóns de interese xeral que así o aconsellen.

Esa pluralidade de colaboradores deu resposta, no seu momento, a distintas situacions nas cales o pagamento das pensións e doutras prestacións periódicas da Seguridade Social requiría a intervención no dito labor doutras entidades ou axentes distintos ás entidades financeiras, situacions que hoxe xa non se producen á vista da actual implantación e desenvolvemento a nivel nacional que experimentaron estas últimas.

Débense unir a isto o desenvolvemento e os avances técnicos que nesta última década tiveron os procedementos relativos ao circuíto financeiro do sistema de Seguridade Social, en particular, o das operacións relativas ao aboamento das súas prestacións económicas, o que supuxo unha maior axilización tanto do pagamento do seu importe coma da súa retrocesión. Ambas as actuacións realizanxe hoxe en todo caso a través das entidades financeiras, o que tamén acontece respecto das prestacións cuxo aboamento xestionan outros colaboradores na materia, coa conseguinte duplicidade de trámites que non resultan propios dunha Administración moderna e eficaz.

Tales circunstancias determinan a procedencia de establecer que a elección de colaborador no pagamento das prestacións do sistema da Seguridade Social se deberá efectuar entre as entidades financeiras e as súas agrupacións ou asociacións, mediante a modificación dos artigos 16 e 17 da citada Orde do 22 de febreiro de 1996 e a derogación do seu artigo 18, sen prexuízo da aplicación deste último precepto, con carácter transitorio, respecto dos graduados sociais, administradores de residencias e

outros colaboradores que no momento presente se encontran rexistrados como tales, para os efectos do aboamento das prestacións que actualmente xestionan.

De conformidade co indicado e no uso das facultades conferidas pola disposición derradeira única do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, dispono:

Artigo único. *Modificación da Orde do 22 de febreiro de 1996, para a aplicación e o desenvolvemento do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto.*

A Orde do 22 de febreiro de 1996, para a aplicación e desenvolvemento do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto, queda modificada como segue:

Un. O artigo 16 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 16. *Pagamentos sucesivos de pensións e doutras prestacións periódicas de carácter económico: medios e entidades colaboradoras no pagamento.*

1. Os titulares de pensións e demás prestacións periódicas de carácter económico, cuxo pagamento por relación mediante a emisión das correspondentes nóminas mensuais estea encomendado á Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou, de ser o caso, os que os representen, poderán elixir tanto o medio de pagamento, consonte o previsto no artigo 11 do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, como a entidade colaboradora no pagamento da prestación, entre as entidades financeiras a que se refire o artigo 3.1 a) do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, así como as súas agrupacións ou asociacións, nos termos do artigo seguinte.

As citadas entidades financeiras, así como as súas agrupacións e asociacións, deberán figurar inscritas no Rexistro de Colaboradores regulado nos artigos 19 do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social e 32 desta orde.

2. Os pagamentos de pensións e doutras prestacións económicas de carácter periódico por xiro postal serán realizados mediante a entrega nos correspondentes servizos de Correos das libranzas de xiros postais e dunha relación delas debidamente cubertas pola correspondente entidade xestora, e acompañaranse dun cheque contra a conta do fondo de manobra que se determine. Nestes supostos, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social deberá comprobar, a través do control dos fondos de manobra, que concorren as condicións previstas no artigo 11.2.3 desta orde.

3. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá autorizar outros medios de pagamento cando existan razóns de interese xeral que así o aconsellen.

4. A elección inicial do medio e da entidade colaboradora no pagamento das prestacións formularase conxuntamente coa solicitude de prestación de que se trate.

4.1 As solicitudes de cambio do medio e da entidade colaboradora no pagamento poderanse formular en calquera momento ante a entidade xestora que recoñeceu a prestación ou ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4.2 O pagamento da pensión e demais prestacións económicas periódicas a través do novo medio de pagamento ou da nova entidade colaboradora elixidos efectuarase a partir do primeiro día hábil do segundo mes seguinte a aquel en que se formulase a solicitude do cambio.

5. Para a determinación do día hábil a que se refire o artigo 15 do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social terase en conta o disposto no artigo 5.3 desta orde».

Dous. O punto 1 do artigo 17 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Unha vez elixida a entidade financeira pagadora da súa prestación ou a agrupación ou asociación de tales entidades, os pensionistas e outros perceptores de prestacións económicas periódicas poderán optar entre o cobramento directo por portelo ou o aboamento en conta. Neste último caso, a conta ou cartilla aberta para o efecto poderá adoptar, á elección da entidade financeira, algúns das modalidades seguintes:

a) Conta corrente ou cartilla de aforro restrinxida, de titularidade do perceptor e necesariamente individual, coa única finalidade do aboamento da pensión e de disposición exclusiva polo titular.

b) Conta corrente ou cartilla de aforro ordinarias, de titularidade do perceptor, que poderá ser individual ou conxunta, na que figure o beneficiario ou, se for o caso, o seu representante legal como un dos seus titulares. Neste suposto, a entidade financeira deberá facer responsable da devolución á Tesouraría Xeral da Seguridade Social das mensualidades que se puidesen aboar correspondentes ao mes ou meses seguintes ao da data de extinción, por falecemento, do dereito á prestación de que se trate, sen prexuízo do dereito da entidade financeira a repetir o importe das prestacións devoltas á Tesouraría Xeral da Seguridade Social de quen as percibise indebidamente. Todo isto enténdese sen prexuízo, así mesmo, do dereito da Seguridade Social a descontar o importe das prestacións indebidamente percibidas ou a exixir o seu reintegro directamente de quen as percibise indebidamente nos termos establecidos con carácter xeral, cos efectos procedentes respecto da entidade financeira que as devolvese á Tesouraría Xeral».

Disposición transitoria única. *Graduados sociais e administradores de residencias de pensionistas inscritos no Rexistre de Colaboradores na Xestión de Ingresos e Pagamentos do sistema da Seguridade Social.*

Os graduados sociais e os administradores de residencias de pensionistas da Seguridade Social, así como calquera outro colaborador distinto ás entidades financeiras que, na data de entrada en vigor desta orde, estivesen

inscritos no Rexistre de Colaboradores na Xestión de Ingresos e Pagamentos do sistema da Seguridade Social, poderán seguir colaborando no pagamento das pensións e doutras prestacións económicas periódicas da Seguridade Social que actualmente xestionan, conforme o artigo 18 da Orde do 22 de febreiro de 1996, para a aplicación e desenvolvemento do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, sen que poidan asumir o pagamento de novas prestacións a partir dessa data.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derrogado o artigo 18 da Orde do 22 de febreiro de 1996, para a aplicación e o desenvolvemento do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, sen prexuízo do previsto na disposición transitoria única, así como cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de marzo de 2007.—O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.

XEFATURA DO ESTADO

6720

CORRECCIÓN de errores da Lei orgánica 1/2007, do 28 de febreiro, de reforma do Estatuto de autonomía das Illes Balears. («BOE» 77, do 30-3-2007.)

Advertidos errores na publicación da Lei orgánica 1/2007, do 28 de febreiro, de reforma do Estatuto de autonomía das Illes Balears, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 6 en lingua galega, do 16 de marzo de 2007, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 892, primeira columna, no artigo 55, número 4, a referencia feita ao artigo 53.5 debe entenderse feita ao 54.5.

Na páxina 892, primeira columna, no artigo 56.3, a referencia feita ao artigo 53 debe entenderse feita ao 54.

Na páxina 896, segunda columna, no artigo 85.1, a referencia feita ao artigo 29 debe entenderse feita ao 31.

Na páxina 896, segunda columna, no artigo 85.2, a referencia feita ao artigo 30 debe entenderse feita ao 32.

Na páxina 897, primeira columna, no artigo 92, a referencia feita ao artigo 76 debe entenderse feita ao 77.

Na páxina 900, segunda columna, no artigo 126.2, a referencia feita á disposición transitoria oitava debe entenderse feita á disposición transitoria novena.

Na páxina 905, primeira columna, na disposición transitoria sexta.2, a referencia feita ao artigo 70 debe entenderse feita ao artigo 71.

Na páxina 905, segunda columna, na disposición transitoria sexta.5, a referencia feita á disposición transitoria quinta debe entenderse feita á disposición transitoria sexta.

Suprímese o número 48 do artigo 30 e renúméransen os números seguintes como 48, 49, 50 e 51, respectivamente.

Suprímese o número 2 do artigo 68 e queda o primeiro parágrafo sen numeración.